

COCIÑA GALEGA, A

CUNQUEIRO, ALVARO

SINOPSE

oa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións dende 1950 traendo, aos lectores e lectoras do século XXI

moitas destas obras innovadores que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego

e, por extensión, tamén da súa sociedade.

O segundo volume desta colección conmemorativa é A cociña galega, de Álvaro Cunqueiro, publicado en 1973 por vez primeira, e que agora se recupera cun limiar de Javier Olleros, cociñeiro

do restaurante Culler de Pau, no Grove recoñecido, con dúas estrelas Michelin, e con ilustracións de Maruxa Caeiro.

Comeza Cunqueiro citando a un gran “gourmet”, que dicía que “se todos os homes se nutren, soamente uns poucos saben comer”. Cunqueiro sabía

comer, sabía o que comía, coñecía os produtos e a súa historia e, neste libro escribe, as mellores páxinas sobre a gastronomía galega, co seu saber enciclopédico e cun fermoso alento literario. Transitan


por estas páxinas lampreas, queixos, mariscos, empanadas, porcos, caldos, verduras... e, por suposto, os viños; el, que afirmaba que podía darlle unha volta ao país coa cunca do seu apelido na man.

Como afirma Javier Olleros nos seu entusiasta e emotivo limiar, a nosa gastronomía está moi ligada a un feito cultural: a maneira de comer. A comida como recordo, como fío que achega ao fogar, ao noso contorno, a aquilo que nos identifica e no que

nós recoñecemos Para Cunqueiro: “O importante, a comida, o territorio, a memoria, a identidade, o coidado, o pensamento e a imaxinación son valores que respaldan a potencia dunha gastronomía”.

Viva A cociña galega, de Álvaro Cunqueiro, como lectura universal e contemporánea!

Bo proveito!...




Editora	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	COCIÑA XERAL E RECEITAS
Colección	BIBLIOTECA 75 ANOS
EAN	9788411763936
Estado	Dispoñible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	176
Tamaño	220x150x0 mm.
Prezo (Imp.inc.)	21,55€
Data de lanzamento	07/04/2025


Títulos relacionados



8 ENSAIOS SOBRE ROSALÍA
VARIOS



LECCIONS DE GAITA
OTERO COVELO, ENRIQUE



TORIBIOS, OS
CASARES, CARLOS